

ALGUNHAS RECOMENDACIÓNS PARA A PRONUNCIA

1. O fonema fricativo palatal xordo “X”: debedes fixarvos na súa pronuncia correcta e evitar realizacións espúreas como **chunta* de Galicia ou **samón*. Este fonema é o mesmo que o que se representa en inglés con “sh” ou en francés con “ch”. Mais se non sodes galego-falantes, fixédevos en pronuncialo correctamente.

Non esquezaades que, ás veces, a letra “x” se pronuncia “ks” en palabras como *texto*, *explicación*, *extremo*, *exacto*, *próximo*, *complexo*, *exame*, etc.

Botádelle unha ollada a este vídeo do programa #Dígochoeu da CRTVG, no que se fala, en menos de dous minutos, da pronuncia do “X”:

<https://www.youtube.com/watch?v=XRdtMWVCZrQ>

2. O fonema nasal velar “nh”: con esta grafía (nh) aparece en poucas palabras: *unha*, *algunha*, *ningunha* (e as súas contraccións).

Pero o fonema é moi comun, posto que calquera –n final se pronuncia así cando a seguinte palabra comeza por vogal. Por exemplo: *un avión* [unhavión], *con ovo* [conhovo], *ten auga* [tenhauga]. Xa ves, pronúnciase como en unha.

Este fonema é con diferenza o máis difícil de pronunciar para os neo-falantes, por iso, se ese é o voso caso, debedes esforzarvos e practicar para facelo ben. Podes practicar repetindo estas palabras:

Unga –unca –unga –unca – **unha**
Cunca –cunca –cunca –cunca – **cunha**
Nunca –nunca –nunca –nunca – **nunha**

3. As vogais abertas e pechadas: o galego ten sete vogais, á parte de a, i, u, ten dous es e dous os:

E medio aberto	E medio pechado	O medio aberto	O medio pechado
terra, fera néboa, papel	pera, mesa, parede, tres	pobo, control, próximo, óptimo	lobo, pozo, amor, once

Cómpre fixarse ben á hora de pronuncialas e distinguilas. Lembra ademais que hai moitos pares de palabras que só se diferencian entre si polo acento diacrítico, usado para sinalar precisamente esta desemeillanza: *présa* (apuro) e *presa* (de auga), *óso* (esqueleto) e *oso* (animal)...

A lista de palabras con acento diacrítico tamén vola enviarei nun novo arquivo.

4. As contraccións: en galego existen un grande número de contraccións, unhas representáanse na escrita e outras non. Lembra pronunciar como contraccións todas aquelas que se representan na escrita: *cunha* (non *con unha*), *nalgúns* (non *en algúns*), *doutras* (non *de outras*)...

Mención especial, require a pronuncia da contracción *ao*. Esta contracción pode escribirse *ao* ou *ó*, pero prefírese a primeira forma. Porén, na fala, a súa pronuncia correcta é “ó”, é dicir, o aberto. Calquera outra pronuncia considérase incorrecta.

5. A segunda forma do artigo (lo, la, los, las) fronte á primeira forma do artigo (o, a, os, as): este sería un tema moi extenso para este pequeno repaso, daquela só vou mencionar o básico.

Son correctas as dúas formas, pero na escrita prefírese a primeira forma do artigo e na fala a segunda.

- ✓ ESCRITA: *Todos os rapaces van ir ao pavillón correr a primeira e máis a segunda carreira.*
- ✓ ORAL: *Tódolos rapaces van ir ó pavillón corre-la primeira e maila segunda carreira.*

De todos os xeitos, repara en que as dúas realizacións son correctas. Plasmar na fala a segunda forma do artigo só é unha recomendación, non unha norma.

6. Os numerais e, en concreto, as decenas: cando van seguidas da conxunción *e*, contraen na súa pronuncia a vogal final coa conxunción e nunha realización [E] (e aberto). Así:

vinte e tres: [vintEtrés] non *[vintatrés]
 trinta e catro: [trintEcatro] non *[trintaecatroc]
 orenta e seis: [korentEséis] non *[korentaeséis]
 sesenta e cinco: [sesentEzínko] non *[sesentaicinco]

Lembra: esta é a única pronuncia correcta destes numerais.

7. As sinalefas: xa dixemos que o galego se caracterizaba polo gran número de contraccións que se reflicten na escrita entre preposición e artigos, indefinidos, demostrativos... Pero, ademais destas, debemos mencionar todas as outras contraccións que son normais na fala. Explícome: todas as palabras que rematan en –e átona contraen coa seguinte palabra se esta tamén comeza por vogal.

ESCRITA	<i>desde aquí</i>	<i>entre outros</i>	<i>colle amorodos</i>	<i>de alguén</i>
ORAL	[desdaquí]	[entroutros]	[collamorodos]	[dalguén]

8. Outras recomendacións:

a) A conxunción *e* ten dúas realizacións diferentes:

- diante de consoante: pronúnciase como un e aberto: *ti E mais eu*
- diante de vogal: pronúnciase como un i semiconsoante (son entre i e ll): *ti e eu* > [ti lleu]

b) A preposición *para*:

- ESCRITA: *para, para a, para o, para as, para os*
- ORAL: [pra, prá, pró, prás, prós]

c) A gheada e o seseo son realizacións fonéticas propias do galego e, como tales, considéranse correctas na fala.

d) Os dialectalismos (iste, nosoutros, irmao...) non se consideran incorrectos na fala, aínda que nun contexto formal convén corrixilos.

Algunhas ligazóns de interese: programas da CRTVG

- ➔ **Pronuncia di “X” (#Dígochoeu)** <https://www.youtube.com/watch?v=XRdtMWVCZrQ>
- ➔ **Pronuncia da nasal velar cun exemplo (#Dígochoeu)** <https://www.youtube.com/watch?v=nmCMT5Nfq7g>
- ➔ **As sete vogais no galego oral (Ben Falado)**
<https://www.youtube.com/watch?v=sq1xX3FF0Z0&t=165s>
- ➔ **As sinalefas (Ben falado):** https://www.youtube.com/watch?v=-sgn_yArnAQ